

Venres saudable

Estudo de saúde da poboación xitana en Galicia

A Rede Galega de Promoción da Saúde na Poboación Xitana acaba de realizar un estudo para coñecer o estado de saúde do pobo xitano en Galicia. Con este fin, elaborouse unha enquisa específica para obter datos actualizados e deseñar intervencións máis efectivas e culturalmente adaptadas. Os resultados amosaron que este colectivo presenta peor saúde e unha esperanza de vida 9-15 anos menor que a media, con maior prevalencia de enfermidades crónicas. Conscientes da situación, este rede impulsa o traballo comunitario a través de mediadoras xitanas e formación intercultural para profesionais, fomentando a participación das mulleres. **Preme aquí para máis información.**




Programa 16 en Galicia

O Programa 16 consolídase en Galicia como unha ferramenta esencial para avaliar a calidade nutricional da oferta alimentaria nos centros educativos, no marco do Plan nacional de control da cadea alimentaria (Pncoca). A través da revisión, a Dirección Xeral de Saúde Pública supervisa o cumprimento das frecuencias de consumo saudable establecidas (como o número adecuado de racións semanais de froita, verduras, legumes, peixe ou carne), garantindo menús equilibrados e adaptados ás recomendacións dietéticas oficiais.

Preme aquí para máis información.



Cribado de cancro de pulmón en Galicia



O 17 de novembro celébrase o Día Mundial da Prevención do cancro de pulmón, polo que resulta oportuno facer fincapé na importancia da prevención desta grave enfermidade xa que é unha das máis mortais e con maior incidencia a nivel mundial. Estímase que entre un 80 e un 90% dos casos están relacionados co tabaquismo, polo que cómpre evitar este factor de risco, tanto en fumadores activos como pasivos. A Dirección Xeral de Saúde Pública acaba de desenvolver un programa piloto de detección precoz do cancro de pulmón ao longo de 2024, o de Lung-gal.

Preme aquí para máis información.



A Coruña e Cee

- **Baile social no mercado cultural: Fisterra**

Lugar: mercado cultural (Fisterra). Data e hora: 9 e 23/11 de 19 a 22 h. Dirixido á poboación xeral.

- **SomosPro: como ter un cerebro en forma?**

Lugar: biblioteca municipal Fórum Metropolitano (A Coruña). Data e hora: 12/11 ao 19/11 de 18.30 a 20 h. Dirixido a nenos/as de 9-14 anos. Inscríbete [aquí](#).

Santiago de Compostela e Barbanza

- **Obradoiro de masaxes: música na pel**

Lugar: casa da cultura do Milladoiro (Ames). Data e hora: 21/11 ás 17.30 h. Dirixido a familias con bebés. Inscríbete en normalizacion@concellodeames.gal

- **Muller saúde, semente de autocoidado -
afrontamento para o crecemento persoal**

Lugar: CIM (Boiro). Data e hora: 12 e 14/11 ás 9.00 h. Dirixido a mulleres. Inscríbete en cim@boiro.org

Ferrol

- **Empoderamento dixital para persoas maiores**

Lugar: asociación de veciños O Cruceiro do Xestal (Monfero). Data e hora: os luns de novembro ás 17.00h. Dirixido a persoas maiores de 55 anos.

- **Obradoiro de construción de pandeiros e
cantareiras de Semente de Trasancos**

Lugar: centro social San Xiao (Narón). Data e hora: 19/11 ás 17.00 h. Dirixido a nenos/as a partir de 3 anos e familias. Inscríbete en [981 337 700](tel:981337700)

Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos

- **Ruta do río Pequeno - Serra do Courel.**

Lugar: Seoane do Courel. Data e hora: 29/11. Dirixido á poboación xeral ata 35 anos. Inscríbete [aquí](#).

- **"Coincidencia organizada" paseo ciclousuari@s**

Lugar: praza Maior (Lugo). Data e hora: 27/11 ás 20.15 h. Dirixido á poboación xeral.

Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras

- **Obradoiro sobre instrucións previas**

Lugar: edificio multiusos O Barco de Valdeorras (A Pobra de Trives). Data e hora: 18/11 ás 11.00 h. Dirixido á poboación xeral. Inscripción: [988 229 615](tel:988229615).

- **Webinar 'Arritmias no día a día'**

Lugar: en liña. Data e hora: 07/11 ás 17.00 h. Dirixido á poboación xeral. Inscríbete [aquí](#).

Pontevedra e O Salnés

- **III Trail do cervo, Campo Lameiro**

Lugar: parroquia do Campo, Campo Lameiro (Pontevedra). Data e hora: 30/11 ás 9.00 h. Dirixido á poboación adulta. Inscríbete [aquí](#).

- **A importancia da vacinación e outras medidas preventivas**

Lugar: Casa Azul (Pontevedra). Data e hora: 13/11 ás 17.00 h. Dirixido á poboación xeral. Non precisa inscrición.

Vigo

- **Andaina "Descubre As Neves"**

Lugar: biblioteca municipal (As Neves). Data e hora: 22/11 ás 16.30 h. Dirixido á poboación xeral.

- **Ruta: Mulleres da historia de Moaña**

Lugar: confirmarase coa inscrición (Moaña). Data e hora: 22/11 ás 10.30 h. Dirixido á poboación xeral. Inscríbete no [611 080 853](tel:611080853).